

-FESTA DO CALDO DE ÓSOS-

//=====//

O entroido agoniza,
veñen tempos de coresma,
rexeitemos os problemas
antes de meternos nela.

Esta vila voltaremos,
amosa tempo de festa.
Acudide forasteiros
temos un prato que presta,
o rico caldo de ósos
que viste traxe de febras!
Labirinto de sabores
que lle gusta a calquera,
e cando fai moito frío
ata quecen as orellas.

De segundo prato poñen
cachelos, tamén costela,
ben asada na cazola
é un deleite comela.
Logo para rematar
esta pitanza selecta:
filloas, queixo e mel,
caprichos da nosa terra.

Viños da Ribeira Sacra
non fan doer a cabeza,
aínda que, sen axuda,
tome ó dunha botella.
excelente paladar,
Pero a vello non chega,
en canto pasa o ano
hai unha nova colleita,
déixase beber moi ben´
nin siquera gota queda,
é xarope milagreiro
que nos sana, non enferma,
cada día máis coñecido,
con marca na etiqueta,
competindo no mercado
de calidade galega.

Augardente da bisbarra
que os ánimos esperta´
aromas espiritistas
saen das nosas adegas.
para vivir moitos anos´
a cotío, unha copeta,
para gozar boa saúde
e un remedio que senta.

Que ninguén quede con fame
e repita quen desexa,
para os máis comedores
hai abundancia na mesa!

Tenderetes ubicados
derredor da Alameda
e amosan os productos
que se expoñen a venda:
os derivados do porco,
a sapiencia das abellas,
as famosas empanadas,
tarta fina de almendra´
moita máis mercadoría
que os visitantes mercan

Despois fala o pregoeiro,
un bo experto no tema,
degustando este caldo,
proba en tazas pequenas,
despois haberá concerto,
faise ambiente de xerga,
as charangas pola rúa,
a noite toca orquestra.
Se o tempo o permite,
baile, bulicio, verbena,
para facer dixestión
dunha abundante cea.
sexamos hospitalarios
cos asistente que veñan,
Que non falte diversión,
cortemos alas as penas,
con humor e alegría
manter a xente contenta,
aqueles que nos visitan
teñan estancia amena!

Os homes gañan futuro
cando traballan e pensan,
e tamén poden brillar
como brillan as estrelas,
cunha xestión eficaz
en situacións moi concretas.

-SUSPIROS DO MIÑO-

//=====//

Se o tempo mo permite
baixo as ribeiras do Miño,
é o mellor escondite,
ademáis, fonte do viño.

Cando vai escurecendo
chegan pegas coma tolas,
fan un ruxido tremendo
e agóchanse nas pólas.

Paraxe para soñar,
de entrañable pracer.
que sorte a de gozar
destes intres de lecer!

Polo monte van coellos,
cazadores o asexo,
dame rabia canto vexo.
ata lles poñen trebellos!

Preto da árbore miro
un paxariño cantando.
neste sublime retiro
ata gozo escoitando.

Admiro cada paisaxe
de tan fermosos lugares,
a natureza salvaxe
espallada nos cantares.

Logo miro andoriñas
que pasan coma centellas,
voan sempre baixiño
e conviven en parellas.

Unha noite na adega
feito que ninguén esquece.
Luz do candíl que non cega,
porque lenta esmorece.

Moito corren as formigas!
fan carreiros polo chan,
parece que levan vigas,
unhas veñen, outras van.

Sento na beira do río,
miro espello xigante,
se nas imaxes confío
é un pracer excitante.

As uvas están maduras,
e co Sol está douradas,
protexidas polas muras
pronto serán vendimadas.

É tanta a felicidade
que non sei o que me pasa,
a miña debilidade:
Síntoma coma na casa!

Nas árbores medran ramas,
entre elas, celosías,
os niños que serán camas
son auténticas fantasías.

Rubindo ao outeiro
xa albisquei un esquío,
comía piñóns dun piñeiro
que se miraba no río.

Paxariño, reiseñor,
canta aquela canción
que lembra ao amor,
coma unha bendición!

Xa chegan os inimigos
que persiguen cada peza,
e presumen de amigos
de tan sabia natureza.

Asómbbranme cazadores,
gozan matando perdices,
curiosos depredadores
que matando son felices.

Inocentes a morrer,
os matóns a presumir,
os mellores queren ser
e xa non deixan vivir..

Bela paisaxe profanan
cando sonan os disparos,
na caza tanto se afanan
que ata matan paxaros.

No ceo miro aves rapaces
que voan polas alturas,
depredadoras voraces
de indefensas criaturas.

No embalse van con caña,
andan por se pican peixes.
Dicen: “É cuestión de maña!”
Por veces pillan a feixes.

Suaves brisas acarician
as delicadas meixelas,
ando elas se inician
xa percibo fresco nelas.

O río Miño foi de troitas
de moi boa calidade,
e por ende había moitas,
na medida, variedade.

Non faltaba o salmón,
e tamén había o reo,
tanta pesca, bendición,
un auténtico recreo.

Xa me resinto das pernas
pola longa camiñata.
Estas muras eternas
canta saudade me ata!

A sombra quedeime durmido,
espertoume un lagarto
entre a roupa metido.
De durmir non quedei farto!

Na ponte Fortes pareime,
fora feita por castigo,
polo recordo queixeime.
A inxustiza maldigo.

Esa ponte anegada
o noso pobo esixía,
FENOSA non facía nada,
pero logo xa cumpría.

Unha forte reacción
Dun pobo desesperado
sen ponte, sen solución,
en barca, pouco doado.

Puxeran unhas barcazas,
pasando xente con vacas,
entón surden ameazass,
e veciños con estacas.

Se desecabas pasar
a ponte non existía,
só barca para pasar,
outra cousa non había.

Lembro valentes barqueiros
nas barcazas de carballo
con frecuencia os viaxeiros
era xente de carallo.

Eses tempos xa finaron,
aquele Pincelo das barcas,
xusta fama acadaron,
pasando ata xerarcas.

O dereito de barcaxe
que tiñan os Taboada,
merecida homenaxe
polos poetas cantada.

E no tempo das crecidas
homes con moita carraxe
eran remeiros suicidas
en perigosa pasaxe.

Busco e non topo feísmo,
ntos río e montaña,
atracción para turismo
e do deporte de caña

Flora e fauna conviven
en misteriosos rccantos,
son tantos seres que viven,
todos amosan encantos.

Mourulle ten un albergue,
e preto da nova ponte
con elegancia se ergue,
nunha ladeira do monte.

O Miño peina ribeiras
que do embalse libraron,
elas campan polas beiras,
mentres outras afogaron.

Rota do Catamarán
que por Belesar navega,
primavera e verán,
unha flotante adega.

Se desexas un bo viño
que sexa de Valdomende,
da o cheiro no fociño
o aroma que desprende.

Se precisas augardente,
en Portomarín e Xián
ten un sabor excelente,
pola graza que lle dan.

Lembro no Mi\$ño anguiás
que se pagaban de renda,
a centos tódolos días.
Parte delas ían a venda.

Pronto vou a Sobrecedo,
terras de viño levar,
as uvas maduran cedo
e finarán no lagar.

Entre verdes e violetas,
embruxo e hermosura,
fascinantes bolboretas,
un ambiente de dozura.

Coñecín estas primicias
cando aínda era neno,
lembro do vento carricias,
da montaña, o moreno.

Mourulle tivo solera,,
prodigiosa residencia,
pero non é como era,
morrendo por mor a ciencia.

Lonxe quedan as correntes
daquel Miño embruxado,
augas nidias, transparentes
forman parte do pasado..

Entre cepas, agochados
mozo e moza xuntiños,
parella de namorados,
agarimosos ruliños.

Canto misterio nas cousas
deste lugar tan doado!
fago mesote das lousas,
nelas repouso sentado.

Casa Grande de Sonán
tivo glorioso pasado,
as grandezas onde van
sendo parte dun condado.

Lembro aqueles romanos,
moito no Miño furgaron
fai uns milleiros de anos,
no ouro moito buscaron.

O Miño gozou de fama,
el agochaba tesouros,
xusto debaixo da cama.
logo viñeron os mouros.

Gloria a nosa Galicia,
fillos de moita valía,
no mundo xa é noticia,
dos galegos garantía.

Polo monte, unha cobra,
parece que de caza,
o alimento non sobra
a semellante cobraza.

Chasca nos toxos mirei,
e un paxaro inquieto,
da maleza é o rei
e non para nada quieto´

Case piso un vermiño,
pero logrei evitalo`
pasaba polo camiño,
entón non quixen matalo.

Caldos de Santa Marta
ao carón da capela,
os viños eran de carta
e sabían coma canela.

Nas adegas faise viño
do caldo que dan as uvas,
xaropr amorosito
que se conserva nas cubas.

Aínda é hoxe o día
que veciños de Castelo
chorand o con valentía
lembran barcas de Pincelo

Taboada-Saviñao
esixindo unha ponte,
rexeitan barcas de pao
e baixar e subir monte.

Na trifulca con valor
defendendo un dereito,
todos na rúa, un clamor,
sempre dando o dó de peito

Mourulle, un val de gloria,
que as augas inundaron,
foi parte da nosa historia,
belos encantos finaron.

Hoxe con orgullo berro
pola ponte que fixeron
con estrutura de ferro.
rexeitala non puideron.

Non deben consentir
actitudes escapistas,
para con honra vivir,
solidarios e altruistas.

Valentes homes que loitan
e ninguén mexa por eles,
non aceptan nin escoitan
inxustizas contra eles..

A carraxe dunhos homes
con fazañas de heroísmo,
houbo anónimos nomes
que loitaron con civismo.

O día que os taboadeses
escuezan esta lección,
serán coma cidadáns
que non te ñen condición.

Unha fermosa feitura.
que marabilla de ponte!
de férrea armadura,
unha punta en cada monte.

Non esquezamos, galegos,
que nacemos en Galicia.
non pequemos de borregos´
nosa nai, unha primicia.

Respiro suave perfume,
esencias do mesmo vento,
coma caprichos do fume,
delirios do tempo lento.

Observando mariquitas,
andan a cazar pulgóns,
voraces, pero bonitas,
dos froiteiros bendicións.

Polo día raia o Sol,
pola noite faino a Lúa,
el, xigantesco farol,
ela a luz continúa.

En viños de calidade
ten fama o Penadoso,
coñecida variedade,
de paladar saboroso.

Rubindo monte arriba
levaban peles de viño,
e para chegar enriba
era longo o camiño.

Esta beleza fascina,
unha paraxe de lenda,
onde todo se combina
no feitizo dunha prenda

Hai cachelos con torrezno,
tamén un xarro de viño,
se repetimos do mesmo,
cada pouco, un grolíño.

Ribeira Sacra, un soño,
cando me achego ela
eu xa contento me poño
ao son da cantarela.

Brétemas do amencer
están a loitar co sol,
elas desexan vencer
e seguir de tornasol.

Miro espello de prata
enmarcado no verdor,
un feitizo que me ata
estas imaxes de cor.

É o tempo da vendima.
cantan os vendimadores,
boa colleita anima,
amosa ser das mellores

Son os cantares do Miño
unha doce melodía,
nas terras que manan viño,
manantial de alegría..

Unha tarde beira río
é xornada fascinante,
e no murmurio confío,
porque é alucinante..

Ladeiras do río, un canto,
alegre son que namora,
o conxunto é encanto
as variedades de flora..

-“NUNCA MÁIS”-

//=====//

Berran nas rúas: “Nunca máis”!
Esa meiga burla negra
non tiña razón de ser,
esa tráxica marea
do maldito chapapote,
ruína da xente galega,
escaralla canto topa
nos lugares onde pega,
de verdadeiro desastre,
para a nosa riqueza

Unhas praias tan fermosas,
de tan singular beleza!
viste de negro a fame
sen marisco e sen pesca.
Moitos argumentos teñen
esas persoas que berran!

A salvación de Galicia
xa polos mares navega,
o enterro do Prestige
deixou euros na area,
xa estamos todos ricos,
iso din os que gobernan,
ata medraron os peixes,
xa levantaron a veda,
é unha boa medida,
para que turistas veñan,
co tinte que ten a auga,
de contado, pel morena.

Aquí xa non pasa nada!
Quen dixo: “Marea negra?”
a situación cotrolada,
todo marcha coma seda.
Deixemos xa de chorar,
que máis chapapote chega,
hai que facer un esforzo
e deixarse de monsergas!

Non sei que díaño nos trouxo
tan pestíferas galletas.
O pobo dí: “Nunca máis!”
Fóra xa marea negra!

Verdadeiros responsables
xa dubido que ben pensan,
están a perde-lo tempo
minimizando problemas,
eles deben rexeitar
as medidas obsoletas.
Hai que combati-lo mal,
porque cheira e apesta.

23 de febreiro do ano 2003.-

-DECÁLOGO DA LÍNGUA GALEGA.

//=====//

1).-Se ti amas a Galicia,
por ela sintes respecto
e soñas sempre co ela.
Recorda: Sempre falando galego!

2).-No ambiente familiar,
sendo niño de afecto,
un fogar amorosiño.
Recorda: Sempre falando galego!

3).-No mundo das amizades
defende o noso credo
honrando a nosa fala.
Recorda sempre falando galego!

4).-Nas relacións cos demais
serás no trato discreto,
gañando grandes amigos.
Recorda: Sempre falando galego!

5).-Estás nas listas do paro,
queres acadar emprego?
serache máis doado.
Recorda: Sempre falando galego!

6).-Queres namorar parella?
moito xeito e sen medo,
dille cousas no oído.
Recorda: Sempre falando galego!

7).-Se nas aulas do ensino
interpretan os conceptos,
entenderanse mellor.
Recorda: Sempre falando galego!

8).-Nas conversas de cotío
non rexeites ocasión
de garda-la compostura.
Recorda: Sempre falando galego!

9).-Nas circunstancias da vida
hai bos e malos momentos,
dos mesmos sairás airoso.
Recorda: Sempre falando galego!

IO).-Se desexas confesión,
de xeonllos fronte o crego,
falando polo baixiño.
Recorda: Sempre falando galego!

-LE CER-

//=====//

Saio camiño do monte
a despexa-la cabeza,
pero ao mesmo tempo
para estira-las pernas,
noso corpo, cada pouco
convén darlle unha brega,
axeitado ejercicio,
imitando os atletas.

Pisando campo aberto
pistas, sendeiros, vereas...
rubir o cume do monte,
logo baixar ata a rega,
e xa na beira do río
de asento, unha pedra,
e tamén en tempo seco
facendo cama na herba.

Derredor, preto de min,
matas de toxos e xestas.
Mirando aquí e lonxe
decateime dunha merla
que, con moitas precaucións,
agochoouse na maleza.
levaba algo no pico
e maxinei o que era,
A modiño achegueime,
no matorral fixen brecha,
mirando atentamente
albisquei o niño dela,

Estaba tan ben feitoño
que parecía de seda,
berce de catro merliños,
todos coa boca aberta,
os pobriños tiñan fame,
era hora da merenda,
daban grima tan pelados,
faltáballes a chaqueta,
entón entendín dos pais
tan trepidante faena.

Mira-la vida nos ríos
é algo que interesa,
amosa pouco movida,
pero ten moitas facetas,
mirando sen atención
case parece sinxela,
pero se nos concenramos
resulta que é complexa.
flora e fauna na auga,
analizando sen présa
hai cantidade de seres,
cunha vida moi intensa.

Velando troitas que pasan
hainas grandes e pequenas,
senón facemos ruxido
dan a sensación de quietas,
para manter equilibrio
moven cola e aletas,
cando albiscan perigo
xa liscan coma centellas.
De pronto vin unha grande
que papou unha pequecha,
xa sei que é lei de vida,

pero deume moita pena.
Despois quedeime mirando
Cobra que no fondo vela,
porque ela perseguía
unha codiciada presa,
pero estiven atento
estudiando cada treta
e fuxiu por un furado
coma se foxe sirena.

Miro Martín pescador
quieto nunha póloa seca,
parecía estar durmido,
pero el algo espera.
levaba tempo alí,
porque estaba de pesca,
de pronto entrou na auga
e xa saíu cunha peza,
amarrouna ben co pico,
sempre con moita firmeza.
increíble como as pilla,
con astucia e cautela.
E con el ninguén compite,
amosa que ten destreza.

Máis abaixo vai un home,
leva troitas nunha cesta.
non hai máis que inimigos
buscando carne selecta.

Nun momento de silencio
escoitei a cantarela
dun paxaro moi bonito,
a coñecida bubela,
exemplar que se ve moito
na xeografía galega.
campa cores variados,

capucha, plumas erectas,
No rural é popular,
enzoufada na excreta,
pois ela e mailo niño
dan un cheiro que apesta,
por iso o noso pobo
di que é ave funesta,
e os nosos campesiños
dedícanlle certas lendas:
“Farás todo amañado,
hora de face-la sega,
cando escoites o canto
deixa bois, colle gavelas”

Cousa de non rematar,
aínda quedan máis sorpresas,
alá enriba, no ceo,
Hai aves brancas e negras,
todas moi alporizadas
e tolean a calquera,
de trás viña o falcón
que intentaba collelas,
de verdadeiro bulicio
tanto ruxido das pegas.

Quedeime obnubilado
no mundo das bolboretas,
presumidas e vistosas
tan áxiles e inquietas,
danlle a nosa paisaxe
os cores da primavera.

Que doado escoitar
paxariños en orquestra!

-MES DE MAIO-

//=====//

Xa chegou a primavera
e fai tempo de inverno,
o ceo encapotado,
amosa maio noxento,
porque todo se marchita,
as ramas en movemento,
os paxariños que choran,
pobriños, están morrendo.
Sen xeito pasa o mes,
o frío afeitado en seco,
aínda que soño feliz
xa que xa flores habemos.
Este vendaval que fai
É algo que non entendo,
inmenso campo en flor
que zarandea o demo.

Disfruto coma lagarto
se na raxeira me vexo,
o corpo pide calor
por fóra e por dentro.
non sería un disparate
poñer palletas o vento,
para que saian sonoros
dos de aire instrumentos,

esa música de fondo,
a saudade dos labregos,
nesta vida de traballo
na que asoma progreso.

Agora xa todo cambia,
aínda que nada entendo,
cando debía facer sol
amosa coma incerto
e desexamos paraíso,
para vivir máis contentos.

Isto non te boa pinta,
algareiros elementos.
cando ruxe temporal
danos algo de recelo,
parece arte de bruxas.
Ou será cousa do tempo?

-AO CARBALLO-

//=====//

Nesta terra de carballos
tamén medra o caxigo,
en tempos facíanse mallos,
para mallar pan e trigo.

Os carros do país tallaban
nesa madeira tan dura;
con moito peso cantaban,
máis, os de noa feitura.

Boas belotas que dan,
son dadivosos no froito´
e na ceba avío fan
aos porcos valen moito.

Autóctono ancestral
cubre moita extensión,
sendo pendón vexetal
é parte da tradición.

Habitan nas carballeiras
da xeografía galega,
dan leña para lareiras
do lar da xente labrega.

Noso pobo de antano
xa dicía: “Doucho quebrado,
pero ti dácamo sano”.
e xa quedaba curado.

Un monumento de gloria
é Carballo milenario,
sexa lenda ou historia,
nun outeiro ten santuario.

Alá no cume das polas
niños de pegas se ven.
Cascarexan coma tolas,
coma se houbera cen..

Exemplar negro existe,
ademáis abunda o Branco,
o primeiro ben resiste,
o segundo é máis brando.

Diferentes variedades,
era árbore sagrada,
curaba enfermidades,
polos celtas venerada.

-SOÑOS TRASNOITADOS-

//=====//

Non sei que raio me pasa
que busco con ilusión
unha boa solución
e, acougado non dou.

Chorando coma nenño
cada día que te recordo,
co xenio os beizos mordo,
noto falta de cariño.

Quixera ser andoriña,
para voar coma ela,
pero son barco sen vela
que pouco e mal camiña.

Cando te miro pasar
sinto moita alegría.
tanto que eu te quería,
danme gañas de chorar!

Se maxinaba proxectos
con poucos anos de vida,
foi unha causa perdida
pola falta de afectos.

Cada día un anaquiño
A forza de tarascadas
Xógannos malas pasadas´
Pero paso a pasiño.

Nas tertulias de café
Todo parece sinxelo,
Pero amoso recelo,
Como era xa non é.

Nos momentos de saudade
Sempre me armo lío
Cos problemas de cotío,
Non soporto a soidade.

Son os anos tan traidores
Que matan a xuventude,
Sen que ninguén nos axude.
Soñemos cousas mellores!

O feito máis importante
Foi que nacín en Galicia,
difrotei desa primicia
Sendo pobre ignorante.

-A MIÑA ALDEA

//=====//

Cando por Zoás camiño,
lémbrome que sendo neno
era un lugar pequeno,
pero moi amorosiño.

Antano, un formigueiro,
persoas coma formigas,
familias sempre amigas
nun ambiente algareiro.

A quen hoxe se lle conte
desta terra de lameiros,
a sombra dos castiñeiros
ledo camiño da fonte.

Daba auga para todos,
un encanto de feitizo
e xa non presta servizo,
tan enzoufada nos lodos.

Pasando tódolos días
eu vexo que vai a menos,
agora xa non hai nenos.
un lugar senalegrías

Desertización, un feito,
en tan fermosos lugares
non queda xente nos lares,
o futuro non ten xeito.

Lembro aquela cerdeira,
de Abelairas dicían,
ela os rapaces rubían.
campaba preto da eira.

As casa cheas de xente
e nas cortes había gando,
o conxunto fai ambiente:
mozos mozas namorando.

Nas chemineas, fumeira,
o pote na angarela,
a saudade na lareira
e nas brasas, pasarela.

Xa no tempo das matanzas
había festa no fogar,
as tradicionais xuntanzas
cos veciños do lugar.

-RECANTOS ENTRAÑABLES-

//=====//

Espallados no rural
da xeografía galega
vemos moitos caseiros,
e tamén casas pequenas
con recunchos agochados,
excepcionais parcelas,
fábricas de produción,
xardíns das casas labregas
que ofrecen calidade,
e campesiños estercan.
plantan coles e repolos,
para que non falten verzas
que, polo mes de xaneiro
dan abundancia de grelas,
para prato exquisito
nas lareiras e adegas
onde se fai o cocido
con productos da terra.
poñen allos e cebolas
leitugas, fabas de trepa,
pementos e máis tomates,
ademáis plantas de fresa;
e nos cecantos das horta
o loureiro tamén medra.

Outeiros, agras e chairas,
vales e tamén lamelas,
alimento para gando,
producindo moita herba.

Traballando nosos eidos
fórxanse homes de brega,
e nos leiros máis pesados
rexeitemos a maleza
ganando economía
de cousas sanas e frescas.

Recunchos agarimosos
dentro de rústica cerca,
con frecuencia de valados,
de paso, unha cancela.

Cando cava o labrego
o paporribo xa chega,
hai o diaño de miñocas,
e tamén veñen as merlas
e comparten alimento.

CONSELLOS BARATOS-

//=====//

Desexas vivir en paz?
Afasta do inimigo!
non esquezas o que digo:
Deixarás de ser rapaz!

Non rexeites a ninguén
nin te anoxes por nada,
non fagas esa parvada
e verás que che vai ben.

Se falas non fales mal,
agasalla as virtudes,
na alabanza non dudes,
A lingua ten bo corral.

No trato senpre cariño,
gaña fama no entorno,
non metas leña o forno,
estarás no bo camiño.

Mantén a porta aberta
o mundo da amizade,
amosa moita bondade,
nunca rexeites aperta.

Se te pasas no comer
toma xa bicarbonato,
medicamento barato,
non che convén exceder.

Se gustas tomar bo viño
non te pases na medida,
un vasiño a comida,
cada pouco, un grolíño.

Se desecas namorar,
buscas a outra metade
amosa boa vontade,
e pronto vas atopar.

Cando vaias pola rúa,
manda adiante o peito
con estilo e con xeito
non dirán que ves da Lúa.

Aproveita os momentos melosa
a fala moi melosa,
na solapa unha rosa,
que se vexa o talento.

-AS FOLLAS MORTAS-

//=====

Tristeiro chega outono,
fai un tempo infernal,
os nubrados danme sono,,
ameaza temporal.

Canto gozo nun paseo,
pracer do campo aberto,
son os agorios do ceo,
os paxaros en concerto.

Moito gusto da campiña
Da nosa terra galega,
sendo tan amorosiña
ata a alma me chega.

Follas que leva o vento,
non se sabe onde van,
pasan coma un lamento
e moita pena me dan.

Se as pilla un remuíño
e fai delas un pandeiro,
e se caen no camiño
enzóufanse no bulleiro.

Mirando as follas mortas
sendo que foran fermosas,
e xa repousan nas hortas,
para que sexan frodosas.

Caprichos da natureza
co ese verde flamante
estandartes de grandeza
teñen azul por amante.

Campan os ramos nas ramas,
son coma brotes de vida,
no seu reino fan de damas
dunha terra tan querida.

Celosías de paxariños
que presumen nas alturas,
son escondite dos niños
de entrañables criaturas.

Cada folla é canción,
unha nota dun cantar,
raiola de ilusión
que a brisa vai levar.

-CANDO RUXE A TORMENTA-

//=====//

Miro dende a ventá
escandalosa tormenta
que o diaño a fomenta.
E canto dano fará!

Asusta a lucería,
o ceo encapotado,
por ende moi nubrado,
escurece ao día.

Amosa vendaval,
a todos causa temor,
ata incluso terror,
pode facer moito mal

Cerran portas e ventás
agochados no fogar,
con paciencia esperar
a que non ladren os cas.

Lóstregos e lumieira,
non parece cousa boa
namentres o vento zoa,
ao carón da lareira.

E os pobres campesiños
moito temen o pedrisco,
a colleita queda cisco,
e morren os paxariños.

Auga é unha riqueza,
de maneira ordinaria
incluso e necesaria,
esperta a natureza.

Se globiños flotan nela
é que seguirá chovendo
aos regatos enchendo.
Se miudiña é canela!

Co aire quente, bochorno,
atmósfera inestable,
ambiente insoportable,
o chan xa parece forno.

Santa Bárbara bendita,
coidas vidas e facendas,
o pobo xa conta lendas:
Nunca faltache a cita!

-CASTIÑEIRO-

//=====//

Árbore da nosa terra,
unha fonte de riqueza
que nos campos se aferra,
un premio da natureza.

Esbelto e corpulento
medra en soutos e brañas,
pero nas medras é lento,
o froito son as castañas.

Na campiña espallados,
tamén preto das vivendas,
o abrigo dos valados,
ornamento das facendas.

Calidade na madeira,
os carpinteiros fan arte,
consistencia duradeira,
dos nosos lares é parte.

Fanse artísticos teitos
e as portas e ventás',
mobiliario, tamén leitos,
cadeiras mailos sofás..

Cando castañas comas,
preto, un xarro de viño,
moito máis ricas se tomas,
un bulló e un grolíño.

Cando secan no canizo
unha parte da colleita,
a calor e co cerrizo
xa amosa máis refeita.

É manxar de carnaval
con chorizo e lacón
o sabor non ten igual,
un prato de excepción.

Tamén cocidas con leite,
alimento de antano,
un saboroso deleite
que ademáis é moi sano.

Castiñeiro, castiñeiro,
estandarte de Galicia,
excelente pregoeiro,
dos nosos eidos primicia.

-UN LUGAR NO RURAL-

//=====//

Hoxe parei na Medela
e mirei casas desfeitas´,
con esforzo foran feitas,
por iso choro de pena.

Antano fervía a vida,
finou aquela grandeza,
agora, todo maleza,
coma causa perdida

Mágoa o noso rural,
está a quedar deserto,
lamentablemente certo,
incomprensible final.

Tantos leiros sen labregos,
e cada día menos vacas,
as nabeiras sen patacas,
unha ilusión dos galegos.

Falta a caza nos montes
e nos ríos non quedan troitas´
pero antes había moitas.
Que escuros horizontes.

Vivendas abandonadas,
a natureza salvaxe´
esmorece a paisaxe,
todo se queda en nada.

Réquiem a agricultura
que foi un tempo rutina,
sen solución, unha ruína,
e un mal que non ten cura.

Os campos quedan baldearos,
porque ninguén os trabilla,
xa non dan grao nin palla,
nin hai medas nin palleiros.

Estas terras tan queridas
eran unha bendición,
manantial de ilusión,
e agora, esquecidas.

Nosa Galicia profunda,
agasallo do Señor,
non lle neguemos amor,
para que xamáis se funda.

-TEMPOS DA ESCOLA-

//=====//

Sendo tempos da escola,
a voltas co silabario,
galopín estrafalario,
xa non daba pé con bola.

Eu non tiña paradura,
reprimendas a cotío,
o Manuscrito. Que lío!
Dicíanme: Cara dura!

Só pensaba en xogar
na ilusión do recreo,
iso era coma ceo,
pero facíanme entrar.

Interese era ouro,
e non quixen entender:
a escola, un deber;
o ensino, un tesouro.

O carácter indomable,
non facía cousa con xeito,
nada saía o dereito.
Un rapaz insoportable.

Sempre a busca dos niños,
atopalos, meu desexo,
cantas veces, o asexo,
para ve-los paxariños.

Recordo que todo rompía:
pizarra e pizarrín.
Pero nunca entendín:
por que tanta tolería!.

Cando as clases lataba,
de mestre e pai, castigo,
case non podían comigo,
porque non escarmentaba.

Os anos foron pasando´
nunca me faltou amor,
respondín ese favor
e co tempo fun cambiando.

Os miragres do ensino,
cando os pais colaboran
os resultados afloran,
incidindo no destino.

-DE SOL A SOL-

//=====//

De cando fun xornaleiro
sempre na miña lembranza,
de Sol a Sol polos campos
longas e duras xornadas,
co máximo rendimento´
pero case non pagaban,
e na hora de comer
nin a fame nos mataban,
sempre a bola de millo,
outro pan xa non nos daban.
Eu xa tiña tipo fino,
amosaba ser araña;
o xamón comíanos eles,
nós, touciño amarelo.
Era tanto o esforzo
que o corpo pedía cama.
na calidade de vida
había pouca esperanza,
os cartos, unha quimera,
nin cadela se cheiraba.
A veces, un agasallo
dunha cesta de patacas,
como eramos tan pobres,
a miña nai lle deixaban.

Un día loitar co esterco,
outro no monte cavaba,
logo cernando na leña
que deseguida picaba.
Cando viña a seitura
de contado xa de malla,
cuberto de suor e cisco
por unha esqueira trepaba,
para face-lo palleiro
centos de feixes de palla.
Outras veces na maleza
toxos e xestas cortaba,
e polas leiras adiante
ía nos tempos da escarda,
e nas horas da calor
ao sol que abrasaba..
Enzoufado na miseria,
a vida, unha desgraza,
e xurdían as inquedanzas,
na mente deixaron marca.
Eses tempos de carencias
que sexan auga pasada!

**-ESCUDO DOS CONDES DE
TABOADA**

//=====//

Escudo de Taboada,
o mesmo dos nosos condes,
por iso leva o nome,
de un único cuartel.
luce en Campo de Gales
con catro bastóns de ouro
e bordaduras de prata,
oito caldeiros de sabre.

Contidos da Heráldica:
táboas de doña Taba.
logo os oito caldeiros
amosan:”Rica hombría
E grandeza no Reino”.
Taba, primeira Condessa
da casa dos Taboada,
tendo estirpe Real.
o pobo que imaxina,
da historia fixo lenda:
Os bastóns xa son tablóns;
s caldeiros, frotadores,
Para facer unha balsa,
outros dicen unha ponte
para vadea-lo río,
xa que era necesario
por razón dunha trifulca
de perseguir inimigo,

E acadar o desexo
de fulminar o contrario.

Entre Condes e Concello
non existen diferencias
que resulten relevantes:
Do concello ten Carballo
que se ve alá o fondo.

-PARROQUIA DE SAN TOMÉ DO CARBALLO.

**Santo Tomé do Carballo
erguido nunha planura,
pousadiño entre montes
que teñen moita cintura,
co seu garda milenario
cuberto por unha casula
que raxada polos anos
amosa moitas verrugas.**

**Encrucilladas das pólas,
onde o Sol xa non aluma,
nelas aniñan maricas
o mesmo ca fan as rulas,
nese silencio que fende
escoito que aturuxan,
parece alma en pena,
é o canto da curuxa
na escuridade da noite,
mentres non sae a Lúa.**

**Esta terra de embruxo
de tan gozosa fortuna,
soñamos pegados ela,
porque moito nos axuda.
Os homes desta bibarra
traballan, xemen e súan,
campesiños de por vida
eles non renuncian nunca,
forman parte da campiña
mentres os montes roturan,**

**sen doerse do seu corpo
bo nivel de vida buscan
en certas actividades**

Gando e agricultura.

**Amorosiñas rapazas
pasean nas nosas rúas,
co esa cara de anxo,
no sorriso, fermosura.
fantasías femininas
visten de alta costura,
embelecen a paisaxe,
na mirada a dozura,
Amosan eses encantos
ca natureza debuxa,
é un pracer admiralas
lixeriras coma papuxas,
xoias de carne e óso
que os homes tanto buscan,
esas neniñas xeitosas
de escultural feitura,
así son as nosas mozas,
de perfecta escultura.**

**Se tes percha e moitos cartos
poida que namores unha,
en caso de conseguilo
non penses que é parrula.
Os da sorte na conquista**

**fágolles unha pregunta
que tamén é reflexión,
o mellor inoportuna:
Acadache o que buscabas?
Pois agora non te durmas
e verás canto che quere
o candil da donosura!**

-RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE.-“MEU FOGAR”

Estrenamos Residencia,
falta o Centro de día,
esperemos con paciencia
o que o pobo pidía.

Bonita e espaciosa
mira aos catro puntos,
casiña agarimosa
para vivir moitos xuntos.

Rótulo: “O Meu fogar”
promesa sen fundamento;
outro era o seu lar,
na lembranza, un lamento.

Hai ambiente de saudade,
aparente harmonía
de quen fuxe da soidade,
nostalxia, non alegría

Xuntanza de residentes
que contan a súa historia,
sendo sempre conscientes
do seu pasado de gloria.

Cada persoa, un mundo
moitos xuntos, unha feira,
un sentimento profundo,
o mesmo ca na lareira.

Ingresados nun asilo
amosan certo reparo,
eles deben asumilo,
non existe desamparo.

Venturas e desventuras
ao longo do devir,
son indefensas criaturas
que loitan para vivir.

Unha boa relación
aumenta a confianza,
arela da ilusión
mantendo a esperanza.

Coa mirada perdida
máis alá do horizonte,
a expresión aflixida.
hoxe non é coma onte!

Quen aínda non naufragou
navega cara o porto,
porque na vida loitou
fuxindo do tempo morto.

Compañeiros de fatiga
polo destino unidos,
coma grao na espiga,
a convivencia xunguidos.

Desexo ser solidario,
como pensan, como son,
como viven a diario
esa nova situación.

Recordando o pasado
e tantos seres queridos,
co rostro obnubilado,
pensan nos tempos vividos.

A súa vida abnegada,
con entrega e con amor.
iso foi auga pasada,
no recordo sen rencor.

É a vida unha noria,
dando voltas e máis voltas
é, o final da historia,
as inqedanzas resoltas.

Persoas desesperadas
na soidade da rutina,
agora acompañadas,
rexeitando a morriña.

Desexo aos maiores
decente trato humano,
que reciban os favores
dignos de todo cristiano.

Auga que non beberei,
non coñezo o futuro,
do destino nada sei,
o porvir é inseguro.

Cando un é residente,
non foi proxecto de vida,
pero sí un accidente,
por causa non concebida.

Na fluída relación
será o mellor remedio,
excelente condición,
para combati-lo tedio.

Axudarse mutuamente,
condición indispensable
para facer o ambiente
de estancia agradable.

O presente co pasado
case nunca se parecen,
os dous fan un combinado
e así non esmorecen.

Os tempos da xuventde
recordalos con cariño,
agora na senectude,
nunca te sintas velliño!

Sócrates Rigueira Ramos